



CIRCULAR 15-2019.

CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA FORMAR PARTE DA SELECCIÓN GALEGA DE ATLETISMO 2018/2019

- *A todas as Delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

O Comité Técnico da FGA establece os seguintes criterios para a selección de atletas para os campionatos e competicións da tempada 2018/2019.

SECTOR DE SALTOS (Responsables: Verónica Cores e David Gómez)

SALTOS HORIZONTAIS

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓN AUTONÓMICAS ABSOLUTO, SUB16 e SUB18

- Posto no ránking galego. Terase en conta a posición no ránking galego.
- Nivel medio de marcas nas competicións próximas ó Campionato de seleccións.
- Criterio técnico do responsable do sector e os seus colaboradores

SALTOS VERTICAIS

- Será a criterio do Comité Técnico.
- Terase en conta a posición no ránking galego e o nivel medio de marcas nas competicións próximas ó Campionato de autonomías.

FONDO E MEDIOFONDO (Responsable: José Manuel Peña Rodríguez)

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CAMPO A TRAVÉS Sub 20, Sub 23 E SENIOR.

Os criterios de selección para este Campionato de España de Campo a través por autonomías serán os seguintes:

- 1.1. Todos os/as atletas (categorías Sub20, Sub23 e absoluta) que compitan coa selección española no Campionato de Europa de Campo a través terán a condición de seleccionados/as sempre e cando reafirmen o seu estado de forma nalgunha competición federada (pista ou cross) nun prazo de ata 15 días despois do Campionato de Galicia de Campo a través.
- 1.2. Para os demais atletas que non cumpran esta condición, a participación no Campionato de Galicia de Campo a través será preceptiva para participar no Campionato de España.
- 1.3. Categoría Senior Homes: Serán seleccionados de forma directa os 5 primeiros atletas clasificados no Campionato de Galicia.
- 1.4. Resto de categorías: (Senior Mulleres, Sub 23 Homes e Mulleres, e Sub 20 Homes e Mulleres): Serán seleccionados de forma directa os/as 3 primeiros/as clasificados/as no Campionato de Galicia.

Correranse os postos daqueles atletas que, participando polos seus clubs respectivos, non teñan ficha pola Federación Galega ou participen como individuais, pertencendo a outras federacións. O resto dos atletas, ata integrar cada unha das seleccións, serán designados polo Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta:



1. O/a campión/a do Campionato de Galicia absoluto, Sub 23 e Sub 20 de 3000 de PC.
2. A actuación no Campionato de Galicia de Campo a través.
3. A actuación no Campionato de España de Campo a través por clubs (sempre que o/a atleta se clasifique entre os/as 30 primeiros/as)
4. O nivel de regularidade e resultados nas competicións da actual tempada.
5. As renuncias e retiradas de atletas no dito campionato en tempadas anteriores.

A FGA resérvase a posibilidade de non seleccionar a cantidade máxima de atletas permitidos en cada categoría e indicados na táboa seguinte, pero sempre levará o número suficiente de atletas para completar os diferentes equipos sempre e cando o nivel dos mesmos así o aconselle:

CATEGORÍAS	CANTIDADE MÁXIMA	CANTIDADE MINIMA
Sénior Homes	9	6
Sénior Mulleres	6	4
Sub23 Mulleres e Homes	6	4
Sub 20 Homes e Mulleres	6	4

CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB 16 E SUB 18 POR AUTONOMÍAS (C.S.D.)

2.1. Categoría Sub 16:

- 1) Os/as 3 primeiros/as no Campionato de Galicia de Campo a través Escolar da Xunta de Galicia.
- 2) Os/as 3 primeiros/as no Campionato de Galicia de Campo a través.

O resto dos/as atletas, ata integrar cada unha das seleccións, serán designados/as polo Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta:

- 3) O/a campión/a do Campionato de Galicia Sub 16 de 3000 de PC
- 4) A actuación no Campionato de España de Campo a través por clubs (sempre que o/a atleta se clasifique entre os 30 primeiros/as)
- 5) O nivel de regularidade e resultados nas competicións da actual tempada.
- 6) Os resultados das confrontacións entre os/as propios/as atletas.

2.2. Categoría Sub 18:

- 1) A participación no Campionato de Galicia de Campo a través será preceptiva para participar no Campionato de España.
- 2) Os/as 4 primeiros/as do Campionato de Galicia de Campo a través.

O resto dos/as atletas, ata integrar cada unha das seleccións, será designado polo Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta:

- 3) O/A campión/a do Campionato de Galicia Sub 18 de 3000 de PC
- 4) A actuación no Campionato de Galicia de Campo a través.



- 5) A actuación no Campionato de España de Campo a través por clubs (sempre que o/a atleta se clasifique entre os/as 30 primeiros/as)
- 6) O nivel de regularidade e resultados nas competicións da actual tempada.

SELECCIÓNS GALEGAS DE PISTA AIRE LIBRE

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES SUB 16 E SUB 18

- 1- Posto no Campionato de Galicia da respectiva categoría, débese competir na proba na que se desexe participar no dito campionato.
- 2- Marca actualizada en función da proximidade da competición.
- 3- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 4- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas, inscribírase na proba que máis beneficie os intereses da selección galega segundo o criterio do Comité Técnico, se ben se consultará a opinión do/a atleta e adestrador/a.

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES ABSOLUTO

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición.
- 2- O resultado no Campionato de Galicia Absoluto.
- 3- O estado de forma do/a atleta.
- 4- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas, téndose en conta tanto os resultados finais coma a forma de conseguilos.
- 5- Regularidade competitiva e a resposta do/a atleta ante competicións relevantes.
- 6- A categoría deportiva e experiencia do/a atleta.
- 7- Proxección atlética.
- 8- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas inscribírase na proba que máis beneficie os intereses da Selección Galega segundo o criterio do Comité Técnico, se ben se consultará a opinión do/a atleta e adestrador/a.

MARCHA (Responsable: Carlos Morales Velasco)

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MARCHA EN RUTA

- Clasificación directa por postos e por resultados no Campionato de Galicia de Marcha en ruta polo que é o concurso clave para seleccionar os atletas que formarán parte do equipo galego. Clasifícanse directamente: Campión e campioa galega Sub16, primeiro e primeira Sub20 (Sub18 + Sub20)
- As seguintes marcas, acadadas na tempada actual, dan a clasificación directamente:
 - Sub16 Masculino <29' en 5km ou 5000m marcha
 - Sub16 Feminino <30' en 5km ou 5000m marcha <17'30" en 3000m ou 3km marcha
 - Sub20 Masculino <54' en 10km marcha en ruta <26' en 5km ou 5000m marcha.
 - Sub20 Feminino <60' en 10km marcha en ruta <29' en 5km ou 5000m marcha



Os/as atletas con marcas superiores, e inclusive sen marca, poderán ser seleccionados/as a criterio técnico de ser o mellor para o/a atleta e a selección, caso a caso, primando o resultado no Campionato de Galicia de Marcha en ruta.

A selección completárase segundo os seguintes criterios:

- Criterio técnico do/a responsable do Comité Técnico.
- Actuación no Campionato de Galicia de Marcha en ruta.
- Posto no ránking galego e mellores marcas acadadas, tanto en pista como en ruta e en diferentes distancias, pero primando a distancia oficial para o campionato.
- Terase en conta o estado de forma e rendemento nas competicións previas á selección, incluso probas fóra de Galicia, pero primando as competicións en Galicia.
- Enfrontamentos directos entre os/as atletas.

Os equipos poden estar formados por un mínimo de 3 atletas (puntuán 3) e un máximo de 5 atletas, non sendo obrigatorio completar a selección se o nivel deportivo actual, a proxección ou a actitude e comportamento do atleta o desaconsella.

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS ABSOLUTO

- Posto no ránking galego en todas as distancias primando para esta selección a proba de 5000m Marcha en pista.
- Estado de forma. Rendemento nas últimas competicións, previas á selección. Teranse en conta todas as competicións oficiais: controis, trofeos, campionatos e ligas de clubs, campionatos autonómicos, probas nacionais e internacionais, etc.
- Enfrontamentos directos entre os/as atletas.
- Criterio técnico do Comité Técnico.

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS SUB18

- Posto no ránking galego en todas as distancias primando para esta selección a distancia oficial da proba.
- Estado de forma. Rendemento nas últimas competicións, previas á selección. Teranse en conta todas as competicións oficiais: campionatos galegos xuvenís, controis, trofeos, campionatos e ligas de clubs, campionatos autonómicos, probas nacionais e internacionais, etc.
- Enfrontamentos directos entre os/as atletas.
- Criterio técnico do responsable do sector e colaborador.

CAMPIONATO DE ESPAÑA Sub16 CSD

- Posto no ránking galego sub16. Teranse en conta as mellores marcas en 3 e 5 km primando a oficial do campionato (3000m Marcha mulleres e 5000m Marcha homes).
- Estado de forma. Rendemento nas últimas competicións, previas á selección.
- Actuación no Campionato de Galicia Sub16



- Enfrontamentos directos entre os/as atletas.
- Criterio técnico do Comité Técnico.

SECTOR DE LANZAMENTOS (Responsables: Raimundo Fernández e José Manuel Hermida)

MARTELO

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS

- Posto ránking galego.
- Nivel medio de marcas e rendemento na competición importante, a criterio do Comité Técnico.

CAMPIONATO DE ESPAÑA CADETE-SUB16 CSD

- Ganador Campionato de Galicia Cadete.
- Posto ránking galego
- A criterio do Comité Técnico, cando a súa marca é moi superior ó/a campión/a de Galicia

DISCO, XAVELINA E PESO

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS

- Posto ránking galego
- No caso de incidencias será o Comité Técnico quen decida.

CAMPIONATO DE ESPAÑA CADETE-SUB 16 CSD

- Posto no ránking galego ata 10 días antes da competición
- No caso de incidencias será o Comité Técnico quen decida

SECTOR DE VELOCIDADE (Responsable: José Carlos Tuñas)

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS

Como primeiro criterio, terase en conta a mellor marca realizada polo/a atleta en función á proximidade da competición. En caso de atletas con marcas similares, terase en conta o resultado do Campionato de Galicia absoluto e/os enfrontamentos directos entre os/as atletas implicados/as. O/a atleta terá que participar obrigatoriamente no Campionato de Galicia na proba onde se queira clasificar. Será obxecto de valoración a asistencia ás concentracións.

A formación dos equipos de relevos quedará a criterio do Comité Técnico. Terán praza fixa os representantes nos 100 m. e 200 m. no relevo curto. Para as outras dúas prazas valorarase o posto que o/a atleta ocupe no ránking, sempre que o/a atleta obtivese a marca nos quince días anteriores á competición. Teranse en conta só as marcas oficiais e válidas conseguidas en competicións oficiais e coa velocidade do vento regulamentaria, en ningún caso se valorarán marcas manuais; en caso de marcas similares optarase por atletas que xa están seleccionados/as noutras probas para formar parte da competición en probas individuais e a súa experiencia en probas de relevos. Para formar parte do equipo de relevos será imprescindible acudir ás concentracións do sector de velocidade onde fose convocado.

Nos relevos 4x400 a composición dos equipos quedará a criterio do Comité Técnico, tendo praza fixa os/as atletas que fagan as probas de 400m e 400m valados.



CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB 16 E SUB 18

Nas probas individuais terase en conta a mellor marca realizada polo/a atleta en función da proximidade da competición, tendo en conta a data de inscrición a este campionato. Teranse en conta só as marcas oficiais e válidas conseguidas en competicións oficiais e coa velocidade do vento regulamentaria, en ningún caso se valorarán marcas manuais. No caso de marcas semellantes (a mesma décima nos 100 e dúas décimas nos 300 e 400 no caso dos sub16 ó sub18) o criterio será o posto obtido no Campionato de Galicia individual e/os enfrontamentos directos entre os/as atletas. No caso de que un atleta figure como primeira opción nas probas de 100, 300 e 400 inscribírase na proba que máis beneficie os intereses da selección. Valorarase a asistencia ás concentracións

Nas probas de relevos tomarán parte os catro integrantes xa seleccionados para o campionato noutras probas.

SECTOR DE VALADOS (Responsable: Vicente Veiga Doldán)

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS ABSOLUTA, SUB18 e SUB16

- Estado de forma mostrado no ámbito do evento para o que se selecciona.
- Valorarase o resultado das competicións inmediatamente anteriores ao encontro. Cando o encontro se dispute despois do Campionato de Galicia da categoría, a actuación no mesmo terá un valor moi alto para considerar ese estado de forma. En caso de dúbida por igualdade de marcas, o resultado no Campionato de Galicia terá capacidade decisoria.
- Resultado no Campionato de Galicia Absoluto
- Posición no ránking da tempada en curso
- Capacidade competitiva demostrada en competicións anteriores coa selección

SECTOR DE PROBAS COMBINADAS (Responsable: David Gómez)

- Será a criterio do Comité Técnico.
- Terase en conta o historial do/a atleta, resultados na mesma tempada de pista cuberta e estado de forma previo a confeccionarse a selección.

A Coruña, 20 de xaneiro de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo